


A realidade mediatizada, ¿é unha realidade verdadeira?
¿Non é calquera medio de comunicación unha estratexia para poder representar
unha realidade conveniente?
En moitas ocasións o medio é o fin.
¿Qué é menos verdade: una verdade a medias ou unha medio mentira?
Pero é que o medio sempre conta verdades a medias.

Medio=Mentira



PERSPECÓPICAFUL 0.1
prototipo



O obxectivo básico desta investigación é o desenvolvemento dunha cámara especial, unha cámara que recompón un espazo desestructurado, que expande o noso ollo, o noso corpo físico en definitiva, o corpo expandido. A combinación dos principios de funcionamento de ópticas de cámaras especiais como poden ser as estereoscópicas, panorámicas ou aéreas. Obxectivos especiais, cámaras intelixentes que recoñecen cando a persoa está sorrindo ou filosofías creadas ó redor de máquinas cheas de carisma como a Lomografía. Todo isto preparará o caldo de cultivo necesario para o desenvolvemento desta cámara que chamaremos, en principio, perspecópica.

A peculiaridade fundamental de esta cámara é que consegue, mediante o desenvolvemento dun programa específico instalado no seu firmware, proxeccións cónicas de calquera espazo tridimensional (en realidade isto é o que fai calquera tipo de cámara).

Outra das moitas peculiaridades desta cámara é que facilita que o seu usuario recoñeza sensacións atribuídas a experiencias que van máis aló da percepción óptica (en realidade isto é o que fai cada un de nós cando nos decidimos por unha toma ou outra)



CONCLUSIÓN: Non temos que desenvolver sofisticados aparellos para comunicar e percibir e imaxinar historias a partir das pequenas secuelas que atopamos na nosa realidade máis próxima.

Evidenciamos cada día máis un maior interese polo auténtico, por experiencias reais, por algo de verdade. Aquelas obras realizadas desde a coherencia, donde o medio non manipula nin dirixe ó que o vive, donde o noso eu a completa e interpreta individualmente a partires de experiencias, coñecementos e vivencias. Pequenas mostras do real manipuladas e mimadas para un disfrute privado, único e persoal.

Acuarelas, cadros únicos, debuxos, que ó marxe do seu contido a súa propia corporeidade é real e en consecuencia auténtica. Representación do espazo desestructurado pictóricamente a partir dun espazo real, a cidade, punto de converxencia do visitante, do espectador e do suxeito obxecto da obra.